



**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

**Modelo MD85PR001**

## **Programación**

**Centro: CMUS PROFESIONAL XAN VIAÑO**

**Materia/disciplina: HISTORIA DA MÚSICA**

**Curso: 2024 - 2025**



## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	3
3	Atención á diversidade.....	3
4	Temas transversais.....	3
	4.1 Educación en valores.....	3
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)....	3
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	3
6	Secuenciación do curso.....	3
	6.1 Curso:.....	3
	6.1.1 Obxectivos.....	3
	6.1.2 Contidos.....	3
	6.1.3 Avaliación.....	3
	6.1.4 Medidas de recuperación.....	4
	6.1.5 Recursos didácticos.....	4
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica... .	4
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento....	4
9	ANEXOS.....	5
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	5
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	5
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	5

## 1 Introducción

---

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os criterios de avaliación e os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica fixa no capítulo VI do título I as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ó alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na mencionada Lei, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula da docente deste centro.

O ensino da Historia da Música nos centros de ensinanzas artísticas soporta un gran número de estereotipos, que responden a unha opinión máis ou menos xeneralizada sobre os métodos, elementos e desenvolvemento da ensinanza musical no Grao Profesional, vertebrada a partires do instrumento principal. Sen embargo, a materia aporta ó futuro músico unhas bases teóricas e estilísticas que lle permiten aproximarse con rigor á interpretación, máis aló que a mera aplicación dunha serie de recursos técnicos, e que resulta máis ou menos afortunada dependendo non tanto da preparación do intérprete como da sensibilidade e do grao de intuición. Nun mundo dominado polos aspectos técnicos, a nosa materia proporciona o imprescindible punto de vista humanístico, traspasando as fronteiras dun virtuosismo mal entendido.

No que se refire ós elementos básicos do currículo, a presente programación contempla a secuenciación de obxectivos para os dous anos nos que se imparte a materia. Os criterios de avaliación teñen sido deseñados en función dos obxectivos secuenciados, sen perder de vista os presentes no currículo oficial. Os contidos foron distribuídos en bloques que facilitan a organización da disciplina.

O listado de temas no que se desenvolveron os contidos non pretende presentar unha programación pechada e definitiva, senón un elenco aberto de temas e enfoques útiles para a formación histórica e crítica dun intérprete. Trátase, por tanto, dunha proposta con distintas posibilidades a disposición da persoa docente responsable, en última instancia, de facer a programación da materia en función da súa concepción da historia e os seus métodos didácticos. Neste contexto o tema debe entenderse como unha unidade conceptual de duración flexible.

## 2 Metodoloxía

---

A metodoloxía empregada será a da aprendizaxe significativa e funcional, sempre partindo da base e experiencia do alumnado. Aínda que as clases son colectivas sempre será imprescindible a atención individualizada, combinando estes dous tipos de traballos. Tratarase en todo caso de interrelacionar a utilidade desta materia con outras que estean cursando ou que vaian cursar máis adiante.

Dada a carga de contidos desta materia, tratarase de fomentar unha aprendizaxe significativa e construtiva que permita ao alumnado, por unha banda, entender os conceptos básicos e por outra, aplicar os coñecementos aprendidos á análise auditiva e á interpretación dunha obra. Por iso evítase a simple exposición de contidos por parte do profesorado, favorecendo que os alumnos/as aprendan todo o necesario durante as diferentes sesións. Con esta finalidade aplicarase unha metodoloxía de aprendizaxe activa, na que se incluírá:

- Lectura dos apuntamentos e textos propostos.
- Realización das actividades propostas.
- Escoita das audicións propostas e análise das mesmas.
- Realización de comentarios sobre fragmentos de textos de estética da música.
- Realización de cuestionarios en clase e na aula virtual.
- Pequenas exposicións por parte do alumnado.
- Debates.

–Visionamento de vídeos ou fragmentos de documentais, películas, ballets, óperas, etc. sobre os contidos da materia.

–Realización de procuras en bibliografía e/ou webgrafía básica.

### 3 Atención á diversidade

---

Considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que, por presentar necesidades educativas especiais ou dificultades específicas de aprendizaxe, por amosar altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo ou que polas súas condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención, podendo facer adaptacións curriculares non significativas.

Os alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos eles aprenden ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.



- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar ó alumnado na máis axeitada ó seu nivel.
- Fomentar a *pedagogía do éxito*, é dicir, valorar os pequenos logros e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as.

O alumnado que chega a estes cursos compatibiliza os estudos musicais cos estudos da E.S.O, Bacharelato, Formación Profesional ou mesmo da Universidade. Este feito, a idade de cada discente e o instrumento que tocan determinará en gran medida a diversidade do alumnado. Dende a aula atenderemos eventualmente os diversos intereses dos rapaces/as procurando sobre todo buscar actividades adaptadas ás súas diferentes necesidades na medida en que estas se adapten ós contidos do curso.

## 4 Temas transversais

---

Ó longo de toda a programación serán tidos en conta todos os temas transversais, especialmente a Educación para a saúde (relacionado coa contaminación acústica e a hixiene postural), a Educación moral e cívica e a Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.

### 4.1 Educación en valores

Amais dos valores universais de respecto e convivencia que afectan ós ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas se prestará especial atención ós coñecementos e habilidades que lles permitan valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

#### **4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición do profesorado e alumnado. A rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de audio, libros especializados, etc. A biblioteca/ fonoteca/ videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información. Deberemos animar e axudar ós alumnos/as a utilizar este espazo con aproveitamento.

É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan. Neste senso será de gran importancia o bo aproveitamento da aula virtual.

## **5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou mediante a colaboración con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visitas a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de toda a información pertinente. Nestas actividades, organizadas para motivar ós alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltaránse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

## 6 Secuenciación do curso

---

A organización dos contidos didácticos da materia no 4º e 5º curso do Grao Profesional pódese observar a continuación.

### 6.1 Curso: 4º GRAO PROFESIONAL

#### 6.1.1 Obxectivos

- *Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia ós diferentes eventos musicais presentes no seu entorno, interesándose pola música máis afastada das súas preferencias persoais.*

Resulta evidente que é imprescindible comprender a música que se escoita para poder apreciála e valorála. Neste sentido, incidirase na realización de actividades de diferente índole a fin de aproximar ó alumnado ó fenómeno musical, de maneira que se favoreza a escoita activa ó tempo que amplíe o seu abano de posibilidades á hora de consumir música.

É manifesta a problemática que este obxectivo supón para comprobar se é acadado, xa que é necesaria a audición de obras musicais de diferentes estilos, repertorios e épocas por parte do alumnado. Tendo en conta que o camiño para gozar de algo é coñecelo, se trataría de crear no alumnado un hábito de escoita dun repertorio básico e representativo de obras que poidan ser recoñecidas por eles; para isto partiremos da potenciación daquelas capacidades que lles permitan recoñecer nunha obra determinados parámetros dinámicos, agónicos, texturais e tímbricos, tal e como recolle a secuencia de contidos. Por esta razón, a audición será unha ferramenta fundamental nas sesións habituais apoiada, ou non, na lectura de partituras. No sentido de favorecer a audición en diferentes soportes, o profesorado empregará varios destes, evitando utilizar sempre o mesmo canle de información, e animando ó grupo a valorar os diferentes soportes gravados.

Dado que neste 4º curso, primeiro no que se imparte a materia, os contidos históricos só chegan ata o Barroco, e que a música dos períodos previos soe ser





unha completa descoñecida (agás para os instrumentos da música antiga e a guitarra), o obxectivo aparece secuenciado, con vistas a acadalo completamente no curso seguinte. A secuenciación do obxectivo ven dada pola distribución de contidos nos dous anos.

- *Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ó longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis destacados de cada época, con vistas á obter unha visión máis global do fenómeno musical.*

Debido á súa idade, o alumnado está inmerso nun mundo onde a música ten unha gran importancia. A súa presenza na sociedade está directamente relacionada co resto das artes e cos acontecementos históricos, coñecidos polo alumnado a través dos estudos de réxime xeral.

Por outra banda, valorar a importancia do fenómeno musical implica controlar a expresión de opinións críticas e persoais, empregando o léxico adecuado á hora de falar da presenza da música no entorno social, tanto actual como pasado. Á hora de establecer valoracións e, polo tanto, opinións críticas fundamentadas, é preciso que o alumnado manexe con soltura os medios de información (radio, televisión, prensa escrita, Internet...) e investigación (bibliotecas, arquivos...) ó seu alcance. Tendo en conta a gran carga de contidos de carácter histórico, é necesario que coñeza non só os medios de información musical da actualidade, senón tamén os das épocas precedentes, chegando así a comprender a súa influencia na configuración dos diferentes períodos estilísticos da historia da música.

Neste 4º curso o alumnado xa terá acadados os coñecementos e a madurez necesaria para se referir á historia da música dende un punto de vista máis amplo. O coñecemento do repertorio tratado neste curso, así como dos feitos históricos a través dos seus estudos de réxime xeral, facilitarán a consecución deste obxectivo. A ampliación do vocabulario facilitará unha expresión completa das súas opinións e valoracións, argumentándoas de xeito coherente diante dos demais.



- *Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico no que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.*

A historia da música debe ser tratada dun xeito globalizado, incidindo na formación humanística do alumnado. En relación co obxectivo anterior, e tendo en conta a secuenciación dos contidos, o alumnado se referirá dun xeito global ó fenómeno musical, inseparable doutros avatares históricos, culturais, sociais ou económicos.

O acercamento crítico á historia da música implica a súa concepción como unha manifestación cultural máis, indisolublemente unida ao resto de circunstancias sociais, económicas, políticas, etc. que atravesan as sociedades ó longo da historia.

- *Captar, a través da audición, as características das distintas correntes estéticas, dende a Idade Media ao Barroco, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.*

Trátase de analizar obras musicais, básicas e significativas, como exemplo da creación artística e do patrimonio cultural propio e alleo co fin de apreciarlas e relacionalas cos seus gustos e valoracións, en relación ao obxectivo 1. Ao falar de 'analizar' referímonos, fundamentalmente, a unha escoita reflexiva que lles permita o recoñecemento e discriminación auditiva dos elementos básicos da música, así como a utilización dos mesmos en distintas obras e a súa relación coa forma de representación na linguaxe musical, no caso de notacións antigas.

### 6.1.2 Contidos

#### **Primeiro Trimestre:**

-Introdución: as definicións de música, as fontes para o estudo da historia da música e o comentario auditivo con ou sen partitura.

-A Prehistoria e o mundo antigo: Grecia e Roma.



-A Idade Media:

\*A monodia relixiosa: as liturxias cristiáns e o canto gregoriano. Formas paralitúrxicas: tropos, secuencias e dramas litúrxicos.

\*A monodia profana medieval: xuglares, trovadores, troveros e outras figuras relacionadas coa música. As cantigas españolas e galaico- portuguesas.

## 6.2 Segundo Trimestre:

-A Idade Media:

\*O nacemento da polifonía: o organum paralelo, paralelo modificado e libre.

\*A polifonía aquitana: Escola de San Martial de Limoges.

\*A Escola de Notre Dame: Leonin e Perotin.

\*Ars Antiqua: o motete e motete- conductus.

\*Ars Nova en Francia: Philippe de Vitry.

\*Trecento italiano: o madrigal, a caccia e a ballata. Landini.

-Transición ao Renacemento: *Ars subtilior*.

-O Renacemento:

\*A música vogal relixiosa (Escolas francoflamencas e Contrarreforma) e profana (Madrigalismo).

\*A música instrumental e música de danza.

## 6.3 Terceiro Trimestre:

-O Barroco:

\*A música vogal barroca: o nacemento da ópera, o oratorio, a cantata.

\*A música instrumental barroca: o concerto, a suite, a sonata, a fuga.

### 6.3.1 Avaliación

A avaliación é un dos procesos clave das accións programadas neste documento xa que proporciona unha información constante que permite mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa. A avaliación non se limita a tarefas exclusivas de cualificación senón que proporciona información ós docentes e discentes sobre as dificultades detectadas no proceso educativo.



### Criterios de avaliación

- *Identifica a través da audición obras de diversas épocas e describe as súas características máis salientables.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- *Comenta representacións iconográficas con referencias musicais.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións sociolóxicas a través das fontes visuais.
- *Realiza comentarios críticos a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado.* Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado á hora de valorar un feito musical concreto dende unha perspectiva persoal.
- *Realiza comentarios de texto, sexan históricos, estilísticos ou doutra categoría.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- *Sitúa cronoloxicamente e compara obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.* Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os períodos da historia da música, así como se distingue as súas principais características.
- *Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e o pensamento.* Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.
- *Identifica as circunstancias de todo tipo –políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.– que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da*



*música occidental*. Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que, pola súa importancia, determinan o desenvolvemento musical.

- *Ten autonomía para realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles dun xeito coherente e eficaz*. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar aceptablemente un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar fontes sonoras, escritas ou visuais, considerando máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

#### Mínimos esixibles

- Coñecemento e uso correcto do vocabulario musical específico de cada época.
- Coñecemento da liña temporal da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.
- Ubicación dos compositores máis relevantes da historia da música no seu período histórico correspondente.
- Identificación, a partir da audición, dos estilos musicais correspondentes ós diversos períodos históricos.
- Recoñecemento das obras máis destacadas dos principais compositores de cada período histórico.
- Coñecemento e identificación das distintas seccións e elementos que integran unha obra musical.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Os instrumentos de avaliación para a materia de Historia da Música basearanse na *observación directa*, nos *traballos escritos* e nas *probos específicas* realizadas por cada un dos alumnos/as.



A avaliación do alumnado constará de varias fases:

**1.Avaliación inicial:** levarase a cabo ó comezar o curso. Permitirá determinar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver que coñecementos previos posúe. No inicio de cada unidade didáctica se levará a cabo unha enquisa oral para observar o grao de coñecemento do tema por parte do alumnado.

**2.Avaliación formativa:** empregaranse distintos instrumentos para levala a cabo:

- Avaliación oral que permitirá detectar os progresos e dificultades do alumnado.
- Observación sistemática, importante sobre todo para avaliar os contidos actitudinais.
- Realización de tarefas e actividades na aula (presencialmente ou no marco da aula virtual), que permitirán ó alumnado afianzar os contidos conceptuais e procedimentais.

**3.Avaliación final:** a nota final do alumno ou alumna virá determinada por distintos ítems:

- Probas escritas e/ ou orais trimestrais **(60%)**.
- Exercicios escritos ou orais realizados na clase ou aula virtual: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas... **(30%)**. Para ter puntuación neste apartado é necesario entregar o 70% dos traballos propostos.
- Participación activa e produtiva nas clases e na aula virtual. **(10%)**.

Os ítems a ter en conta para a avaliación do alumnado sufrirá variacións no caso de que **un alumno/a non acuda con regularidade ás clases presenciais** xa que se carece de datos para avaliar a participación activa e produtiva nas clases. Neste suposto, as porcentaxes sufrirán unha variación:

- Probas escritas e/ ou orais trimestrais **(70%)**.



◦ Exercicios escritos ou orais realizados na clase ou aula virtual: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas... **(30%)**. Para ter puntuación neste apartado é necesario entregar o 70% dos traballos propostos.

Ó longo do curso serán propostos diversos traballos e *actividades optativas* que non restarán nota ó alumnado senón que serán tidos en conta de xeito positivo exclusivamente e serán determinantes á hora de facer os redondeos cando a nota estea a catro décimas do seguinte número enteiro. Ademais a realización satisfactoria das actividades optativas será indispensable para que un alumno/a sexa proposto para matrícula de honra.

A materia será avaliada trimestralmente. A nota final do curso se corresponderá coa media aritmética das notas obtidas nos tres trimestres. O redondeo desta nota virá determinado pola participación activa e produtiva nas clases e a realización das tarefas optativas propostas para a mellora da nota. O redondeo á alza será de aplicación no caso de que a parte decimal estea a catro décimas do seguinte número enteiro.

En caso de que algún alumno/a non obteña a mínima puntuación de 5 nunha avaliación, poñeranse á súa disposición diversos mecanismos de recuperación na 3ª avaliación que lle permitirán ter a posibilidade de acadar os obxectivos mínimos. O alumnado que non superase dúas das tres avaliacións do curso académico deberá facer unha proba antes do remate da terceira avaliación na que entrará a totalidade da materia do curso.

O exame final de trimestre constará dunha parte teórica e unha parte práctica. A parte teórica pode incluír distintos tipos de preguntas: tipo test, preguntas de desenvolvemento... mentres que a parte práctica consistirá no comentario de audicións, textos, imaxes...



### Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre 1 e 10, sendo 1 a mínima cualificación e 10 a máxima. A nota individual de cada alumno ou alumna dependerá dos seguintes apartados:

**1.Probas trimestrais: (60% da nota final):** nestas se cualificarán os seguintes aspectos:

- Adecuación pregunta/ resposta.
- Capacidade de definición, síntese e argumentación.
- Capacidade de comentario de audicións e textos.
- Uso axeitado da terminoloxía musical.
- Corrección formal (presentación clara, lexibilidade, marxes...) e ortográfica.

**2.Observación sistemática da asistencia activa e produtiva nas sesións presenciais e aula virtual (10% da nota final),** onde se terá en conta:

- A actitude ante a materia.
- A colaboración e respecto no traballo.
- Atención e aceptación do silencio
- Achegas ó traballo en grupo.

**2.Análise das producións escritas e orais do alumnado (30% da nota final),** onde se cualificarán os seguintes aspectos:

- Uso axeitado da terminoloxía musical.
- Corrección nas tarefas realizadas.
- Intervencións orais e debates axeitados.
- Achegas ó traballo en grupo.
- Capacidade de colaboración e respecto.



### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno/a que desexe ampliar matrícula ha de ser proposto polo seu profesor-titor, que se poñerá en contacto coa docente desta materia. Para poder ampliar a matrícula en historia deberá superar unha proba obxectiva de avaliación que inclúa todos os contidos de 4º de Grao Profesional para verificar que foron acadados os obxectivos marcados na programación. Será requisito indispensable obter como mínimo unha cualificación de 5.

#### 6.3.2 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado disporá de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación de cada un dos trimestres na 3ª avaliación. Se suspende dúas das tres avaliacións haberá a posibilidade de superar a materia por medio dunha proba final escrita que se fará antes do remate da 3ª avaliación.

Se o alumno ou alumna queda na súa nota final a catro décimas do enteiro seguinte poderá mellorar a súa nota presentando algún *traballo optativo titorizado* polo docente nun prazo estipulado.

##### Probas extraordinarias de xullo

O alumnado que non acade os obxectivos nas probas ordinarias poderá facer unha proba extraordinaria que se levará a cabo en xuño.

O exame incluírá preguntas teóricas de diversa índole (a desenvolver, curtas...) e prácticas (comentario de texto, audicións, iconografía...). A parte teórica suporá o **70%** da nota e a práctica o **30%**. Este exame versará sobre a totalidade dos contidos do curso en cuestión.

Será imprescindible **acadar un 5** para dar por superada a materia.

### 6.3.3 Recursos didácticos

Os recursos empregados para a materia de Historia da Música serán apuntamentos e o libro ***Historia de la Música para conservatorios*** citado na bibliografía básica.

Ademais serán empregadas audicións, textos, partituras, representacións de diversa índole... para afianzar os contidos traballados.

A bibliografía básica recomendada para a materia é a seguinte:

- BURKHOLDER, Peter; GROUT, Donald e PALISCA, Claude. *Historia de la música occidental*. Madrid; Alianza, 2008.
- MICHELS, Ulrich. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- PAJARES ALONSO, Roberto L. *Historia de la Música para conservatorios*. Madrid: Visión Libros, 2019.
- SADIE, Stanley. *Guía Akal de la música*. Madrid: Akal, 2000.

Na aula ademais se usarán recursos tecnolóxicos: pantalla dixital interactiva, canón de proxección, equipo de música... e recursos online: aula virtual; plataforma *Centros Net*; correo electrónico da materia: [historiadamusicaxv@gmail.com](mailto:historiadamusicaxv@gmail.com); diversas páxinas web de interese...

A bibliografía para a ampliación da materia é a seguinte:

- ALÉN GARAVATO, M.P. *Historia da música galega. Cantos, cantigas e cánticos*. Vigo: A Nosa Terra, 1997.
- ANDRÉS, Ramón. *Diccionario de instrumentos musicales. Desde la Antigüedad a J. S. Bach*. Barcelona: Península, 2001.
- BASSO, A. *La época de Bach y Haendel*. Madrid: Turner, 1986.
- BUKOFZER, M.F. *La música en la época barroca. De Monteverdi a Bach*. Madrid: Alianza Música, 1994.

- CALDWELL, J. *La música medieval*. Madrid: Alianza, 1984.
- CASARES RODICIO, E. (ed.). *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana*. Madrid: SGAE, 1999.
- COMOTTI, G. *La música en la cultura griega y romana*. Madrid: Turner, 1986.
- DOWNS, P.G. *La música clásica*. Madrid: Ediciones Akal, 1998.
- FUBINI, E. *La estética musical. Desde la Antigüedad a nuestros días*. Madrid: Alianza, 1988.
- GALLICO, C. *La época del Humanismo y del Renacimiento*. Madrid: Turner, 1986.
- GARBAYO, J. "O esplendor do barroco musical en Galicia", en *O feito diferencial de música*, vol. (Santiago: Museo do Pobo Galego, 1988), 121- 177.
- GRIFFITHS, P. *Breve Historia de la música occidental*. Madrid: Akal, 2009.
- GROUT, D. y PALISCA, C. *Historia de la música occidental*. Madrid: Alianza, 1986, 2 vols.
- HILL, J. W. *La música Barroca*. Madrid: Akal, 2008.
- HOPPIN, R. *La música medieval*. Madrid: Akal, 1991.
- LÓPEZ CALO, J. *La música medieval en Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982.
- MICHELS, U. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- MORGAN, R.P. *La música del siglo XX*. Madrid: Akal, 1994.
- PALISCA, C.V. *La música en el Barroco*. Buenos Aires: Editorial Víctor Lerú, 1978.
- SADIE, S. (ed.) *The New Grove's Dictionary of Music and Musicians*. Londres: Macmillan Press Limited, 1954.
- \_\_\_\_\_. *The New Grove Dictionary of Musical Instruments*. Londres: Macmillan Press Limited, 1984.
- \_\_\_\_\_. *Guía Akal de la Música*. Madrid: Akal, 2000.

- VILLANUEVA, C. “Criterios, fontes e materiais para a interpretación da música medieval galega”, en *O feito diferencial galego* (Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1988), vol. 2, 41- 119.

A **webgrafía** recomendada é a seguinte:

- Fontes musicais: Repertorio Internacional de Fontes Musicais (<http://rism.stub.uni-frankfurt.de>); Repertorio Internacional de Literatura Musical (<http://rilm.org>); Repertorio Internacional de Iconografía Musical ([www.ripm.org](http://www.ripm.org)); Asociación Española de Documentación Musical ([www.aedom.org](http://www.aedom.org)).
- Partituras de acceso libre: <http://www.mundopartituras.com>; IMSLP (<http://imslp.org>).
- Revistas electrónicas: [www.filomusica.com](http://www.filomusica.com); [www.mundoclasico.com](http://www.mundoclasico.com); [www.sinfoniavirtual.com](http://www.sinfoniavirtual.com).

## 6.4 Curso: 5º GRAO PROFESIONAL

### 6.4.1 Obxectivos

- *Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia ós diferentes eventos musicais presentes no seu entorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.*

Os contidos deste 5º curso fan referencia a correntes histórico-estilísticas máis coñecidas polo alumnado, o que facilita a consecución do obxectivo. A súa redacción é coincidente coa presentada no currículo, considerando esa proximidade ás correntes tratadas a través das materias de instrumento, sexan individuais ou de conxunto, e ‘Análise’.

- *Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as diferentes convencións interpretativas ó seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.*



A comprensión da relación da música coas ideas estético- estilísticas imperantes en cada período contribúe a que o alumnado aplique inmediatamente á interpretación do repertorio de estudo no instrumento principal ditas características. É fundamental non perder de vista o traballo desenvolvido na materia de 'Análise', considerando un punto de vista interdisciplinar entre ámbalas dúas, e a importancia da interpretación máis individualizada, tanto no caso do instrumento principal como de 'Música de cámara' (dado que no resto de materias de interpretación grupal debe pesar a consideración da interpretación por parte do director).

- *Coñecer e comprender a música dende o Barroco ata a música do século XXI, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as diferentes convencións interpretativas ó seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.*

Con este obxectivo se trata de coñecer e contextualizar, histórica e esteticamente, cada estilo musical en función das súas características. A comprensión da relación da música coas ideas estético- estilísticas imperantes en cada período debe conseguir que o alumnado aplique inmediatamente á interpretación do repertorio de estudo no instrumento principal ditas características.

Preténdese que o alumnado sexa quen de recoñecer sucintamente os elementos que conforman unha obra e, a partires das súas características, situala nun contexto sociocultural e estilístico aproximado.

- *Captar, a través da audición, as características das distintas correntes estéticas, desde o Clasicismo aos nosos días, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.*

Trátase de analizar obras musicais, básicas e significativas, como exemplo da creación artística e do patrimonio cultural propio e alleo co fin de apreciarlas e relacionalas cos seus gustos e valoracións, en relación ao obxectivo 1. Ao falar de 'analizar' referímonos, fundamentalmente, a unha escoita reflexiva que lles permita o recoñecemento e discriminación auditiva dos elementos básicos da música, así



como a utilización dos mesmos en distintas obras e a súa relación coa forma de representación na linguaxe musical, no caso de notacións non convencionais.

Tendo en conta que o alumnado xa cursa a materia de 'Análise' neste 5º curso, a escoita das obras (con ou sen partitura asociada) deberá seguir as pautas habituais de ámbalas dúas disciplinas. A proximidade do repertorio, pertencente a correntes histórico-estilísticas ben coñecidas polo alumnado, facilitará unha escoita reflexiva.

#### 6.4.2 Contidos

##### **Primeiro Trimestre:**

-O Barroco:

\*A música vogal barroca: o nacemento da ópera, o oratorio, a cantata.

\*A música instrumental barroca: o concerto, a suite, a sonata, a fuga.

-Os estilos preclásicos: o *estilo galante*, o *Empfindsamer Stil*.

-O Clasicismo musical: Haydn e Mozart.

\*A música vogal no Clasicismo: Gluck e Metastasio. As óperas mozartianas.

\*A música instrumental no Clasicismo: a sinfonía, o concerto, a música de cámara e para solistas.

-A transición ao Romanticismo: Beethoven.

#### 6.5 **Segundo Trimestre:**

-O Romanticismo:

\*A música vogal no Romanticismo: o lied e os xéneros nacionais operísticos: Francia, Italia e Alemaña.

\*A música instrumental no Romanticismo: música para piano, música sinfónica e ballet.

-Estilos musicais de finais do século XIX e principios do século XX: os Nacionalismos.

#### 6.6 **Terceiro Trimestre:**

-As vangardas musicais de principios do século XX: Francia e Rusia.

-O Expresionismo, o Atonalismo e o Dodecafonismo. Segunda Escola de Viena.



-O Neoclasicismo.

-A música despois da II Guerra Mundial (I): Música Concreta, Electrónica e Electroacústica.

-A música despois da II Guerra Mundial (II): Serialismo Integral, Música Aleatoria e outras tendencias.

### 6.6.1 Avaliación

A avaliación é un dos procesos clave das accións programadas neste documento xa que proporciona unha información constante que permite mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa. A avaliación non se limita a tarefas exclusivas de cualificación senón que proporciona información ós docentes e discentes sobre as dificultades detectadas no proceso educativo.

#### Criterios de avaliación

- *Identifica a través da audición obras de diversas épocas e describe as súas características máis salientables.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- *Comenta representacións iconográficas con referencias musicais.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións sociolóxicas a través das fontes visuais.
- *Realiza comentarios críticos a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado.* Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado á hora de valorar un feito musical concreto dende unha perspectiva persoal.
- *Realiza comentarios de texto, sexan históricos, estilísticos ou doutra categoría.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- *Sitúa cronoloxicamente e compara obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e*



diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise. Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os períodos da historia da música, así como se distingue as súas principais características.

- *Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e o pensamento.* Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.
- *Identifica as circunstancias de todo tipo –políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.– que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental.* Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que, pola súa importancia, determinan o desenvolvemento musical.
- *Ten autonomía para realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles dun xeito coherente e eficaz.* Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar aceptablemente un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar fontes sonoras, escritas ou visuais, considerando máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

#### Mínimos esixibles

- Coñecemento e uso correcto do vocabulario musical específico de cada época.
- Coñecemento da liña temporal da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.
- Ubicación dos compositores máis relevantes da historia da música no seu período histórico correspondente.





- Identificación, a partir da audición, dos estilos musicais correspondentes ós diversos períodos históricos.
- Recoñecemento das obras máis destacadas dos principais compositores de cada período histórico.
- Coñecemento e identificación das distintas seccións e elementos que integran unha obra musical.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Os instrumentos de avaliación para a materia de Historia da Música basearanse na *observación directa*, nos *traballos escritos* e nas *probos específicas* realizadas por cada un dos alumnos/as.

A avaliación do alumnado constará de varias fases:

**4.Avaliación inicial:** levarase a cabo ó comezar o curso. Permitirá determinar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver que coñecementos previos posúe. No inicio de cada unidade didáctica se levará a cabo unha enquisa oral para observar o grao de coñecemento do tema por parte do alumnado.

**5.Avaliación formativa:** empregaranse distintos instrumentos para levala a cabo:

- Avaliación oral que permitirá detectar os progresos e dificultades do alumnado.
- Observación sistemática, importante sobre todo para avaliar os contidos actitudinais.
- Realización de tarefas e actividades na aula (presencialmente ou no marco da aula virtual), que permitirán ó alumnado afianzar os contidos conceptuais e procedimentais.

**6.Avaliación final:** a nota final do alumno ou alumna virá determinada por distintos ítems:

- Probos escritos e/ ou orais trimestrais **(60%)**.



- Exercicios escritos ou orais realizados na clase ou aula virtual: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas... **(30%)**. Para ter puntuación neste apartado é necesario entregar o 70% dos traballos propostos.
- Participación activa e produtiva nas clases e na aula virtual. **(10%)**.

Os ítems a ter en conta para a avaliación do alumnado sufrirá variacións no caso de que **un alumno/a non acuda con regularidade ás clases presenciais** xa que se carece de datos para avaliar a participación activa e produtiva nas clases. Neste suposto, as porcentaxes sufrirán unha variación:

- Probas escritas e/ ou orais trimestrais **(70%)**.
- Exercicios escritos ou orais realizados na clase ou aula virtual: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas... **(30%)**. Para ter puntuación neste apartado é necesario entregar o 70% dos traballos propostos.

Ó longo do curso serán propostos diversos traballos e *actividades optativas* que non restarán nota ó alumnado senón que serán tidos en conta de xeito positivo exclusivamente e serán determinantes á hora de facer os redondeos cando a nota estea a catro décimas do seguinte número enteiro. Ademais a realización satisfactoria das actividades optativas será indispensable para que un alumno/a sexa proposto para matrícula de honra.

A materia será avaliada trimestralmente. A nota final do curso se corresponderá coa media aritmética das notas obtidas nos tres trimestres. O redondeo desta nota virá determinado pola participación activa e produtiva nas clases e a realización das tarefas optativas propostas para a mellora da nota. O redondeo á alza será de aplicación no caso de que a parte decimal estea a catro décimas do seguinte número enteiro.

En caso de que algún alumno/a non obteña a mínima puntuación de 5 nunha avaliación, poñeranse á súa disposición diversos mecanismos de recuperación na 3ª avaliación que lle permitirán ter a posibilidade de acadar os obxectivos mínimos. O alumnado que non superase dúas das tres avaliacións do curso académico deberá facer unha proba antes do remate da terceira avaliación na que entrará a totalidade da materia do curso.

O exame final de trimestre constará dunha parte teórica e unha parte práctica. A parte teórica pode incluír distintos tipos de preguntas: tipo test, preguntas de desenvolvemento... mentres que a parte práctica consistirá no comentario de audicións, textos, imaxes...

#### Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre 1 e 10, sendo 1 a mínima cualificación e 10 a máxima. A nota individual de cada alumno ou alumna dependerá dos seguintes apartados:

1. **Probos trimestrais: (60%** da nota final): nestas se cualificarán os seguintes aspectos:

- Adecuación pregunta/ resposta.
- Capacidade de definición, síntese e argumentación.
- Capacidade de comentario de audicións e textos.
- Uso axeitado da terminoloxía musical.
- Corrección formal (presentación clara, lexibilidade, marxes...) e ortográfica.

2. **Observación sistemática da asistencia activa e produtiva nas sesións presenciais e aula virtual (10%** da nota final), onde se terá en conta:

- A actitude ante a materia.

- A colaboración e respecto no traballo.
- Atención e aceptación do silencio
- Achegas ó traballo en grupo.

**2.Análise das producións escritas e orais do alumnado** (30% da nota final), onde se cualificarán os seguintes aspectos:

- Uso axeitado da terminoloxía musical.
- Corrección nas tarefas realizadas.
- Intervencións orais e debates axeitados.
- Achegas ó traballo en grupo.
- Capacidade de colaboración e respecto.

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno/a que desexe ampliar matrícula ha de ser proposto polo seu profesor-titor, que se poñerá en contacto coa docente desta materia. Para poder ampliar a matrícula en historia deberá superar unha proba obxectiva de avaliación que inclúa todos os contidos de 5º de Grao Profesional para verificar que foron acadados os obxectivos marcados na programación. Será requisito indispensable obter como mínimo unha cualificación de 5.

#### 6.6.2 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado disporá de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación de cada un dos trimestres na 3ª avaliación. Se suspende dúas das tres avaliacións haberá a posibilidade de superar a materia por medio dunha proba final escrita que se fará antes do remate da 3ª avaliación.

Se o alumno ou alumna queda na súa nota final a catro décimas do enteiro seguinte poderá mellorar a súa nota presentando algún *traballo optativo titorizado* polo docente nun prazo estipulado.

#### Probas extraordinarias de xuño

O alumnado que non acade os obxectivos nas probas ordinarias poderá facer unha proba extraordinaria que se levará a cabo en xuño.

O exame incluírá preguntas teóricas de diversa índole (a desenvolver, curtas...) e prácticas (comentario de texto, audicións, iconografía...). A parte teórica suporá o **70%** da nota e a práctica o **30%**. Este exame versará sobre a totalidade dos contidos do curso en cuestión.

Será imprescindible **acadar un 5** para dar por superada a materia.

#### 6.6.3 Recursos didácticos

Os recursos empregados para a materia de Historia da Música serán apuntamentos e o libro ***Historia de la Música para conservatorios*** citado na bibliografía básica.

Ademais serán empregadas audicións, textos, partituras, representacións de diversa índole... para afianzar os contidos traballados.

A bibliografía básica recomendada para a materia é a seguinte:

- BURKHOLDER, Peter; GROUT, Donald e PALISCA, Claude. *Historia de la música occidental*. Madrid; Alianza, 2008.
- MICHELS, Ulrich. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- PAJARES ALONSO, Roberto L. *Historia de la Música para conservatorios*. Madrid: Visión Libros, 2019.
- SADIE, Stanley. *Guía Akal de la música*. Madrid: Akal, 2000.

Na aula ademais se usarán recursos tecnolóxicos: pantalla dixital interactiva, canón de proxección, equipo de música... e recursos online: aula virtual; plataforma *Centros Net*; correo electrónico da materia: [historiadamusicaxv@gmail.com](mailto:historiadamusicaxv@gmail.com); diversas páxinas web de interese...

A bibliografía para a ampliación da materia é a seguinte:

- ALÉN GARAVATO, M.P. *Historia da música galega. Cantos, cantigas e cánticos*. Vigo: A Nosa Terra, 1997.
- ANDRÉS, Ramón. *Diccionario de instrumentos musicales. Desde la Antigüedad a J. S. Bach*. Barcelona: Península, 2001.
- BASSO, A. *La época de Bach y Haendel*. Madrid: Turner, 1986.
- BUKOFZER, M.F. *La música en la época barroca. De Monteverdi a Bach*. Madrid: Alianza Música, 1994.
- CALDWELL, J. *La música medieval*. Madrid: Alianza, 1984.
- CASARES RODICIO, E. (ed.). *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana*. Madrid: SGAE, 1999.
- COMOTTI, G. *La música en la cultura griega y romana*. Madrid: Turner, 1986.
- DOWNS, P.G. *La música clásica*. Madrid: Ediciones Akal, 1998.
- FUBINI, E. *La estética musical. Desde la Antigüedad a nuestros días*. Madrid: Alianza, 1988.
- GALLICO, C. *La época del Humanismo y del Renacimiento*. Madrid: Turner, 1986.
- GARBAYO, J. "O esplendor do barroco musical en Galicia", en *O feito diferencial de música*, vol. (Santiago: Museo do Pobo Galego, 1988), 121- 177.
- GRIFFITHS, P. *Breve Historia de la música occidental*. Madrid: Akal, 2009.
- GROUT, D. y PALISCA, C. *Historia de la música occidental*. Madrid: Alianza, 1986, 2 vols.
- HILL, J. W. *La música Barroca*. Madrid: Akal, 2008.

- HOPPIN, R. *La música medieval*. Madrid: Akal, 1991.
- LÓPEZ CALO, J. *La música medieval en Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982.
- MICHELS, U. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- MORGAN, R.P. *La música del siglo XX*. Madrid: Akal, 1994.
- PALISCA, C.V. *La música en el Barroco*. Buenos Aires: Editorial Víctor Lerú, 1978.
- SADIE, S. (ed.) *The New Grove's Dictionary of Music and Musicians*. Londres: Macmillan Press Limited, 1954.
- \_\_\_\_\_. *The New Grove Dictionary of Musical Instruments*. Londres: Macmillan Press Limited, 1984.
- \_\_\_\_\_. *Guía Akal de la Música*. Madrid: Akal, 2000.
- VILLANUEVA, C. "Criterios, fontes e materiais para a interpretación da música medieval galega", en *O feito diferencial galego* (Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1988), vol. 2, 41- 119.

A **webgrafía** recomendada é a seguinte:

- Fontes musicais: Repertorio Internacional de Fontes Musicais (<http://rism.stub.uni-frankfurt.de>); Repertorio Internacional de Literatura Musical (<http://rilm.org>); Repertorio Internacional de Iconografía Musical ([www.ripm.org](http://www.ripm.org)); Asociación Española de Documentación Musical ([www.aedom.org](http://www.aedom.org)).
- Partituras de acceso libre: <http://www.mundopartituras.com>; IMSLP (<http://imslp.org>).
- Revistas electrónicas: [www.filomusica.com](http://www.filomusica.com); [www.mundoclasico.com](http://www.mundoclasico.com); [www.sinfoniavirtual.com](http://www.sinfoniavirtual.com).

## 7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

A autoavaliación da programación didáctica é fundamental para mellorar a docencia. É fundamental revisar periodicamente a súa coherencia coa normativa e a súa eficiencia.

A valoración e revisión da mesma permitirá realizar as modificacións pertinentes durante o proceso de ensinanza- aprendizaxe co gallo de mellorar a calidade do mesmo.

Trimestralmente se redactará un pequeno informe que inclúa a reflexión e valoración sobre a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; o desenvolvemento da programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. Ó final de curso cada profesor informará ao xefe de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que sexan oportunas.

## 8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ó grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas ós alumnos/as, que serán deseñadas no propio departamento ó comezo de cada curso.



## 9 ANEXOS

---

### 9.1 Probas de acceso 5º de grao profesional

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder ós diversos cursos do grao profesional deberán demostrar o seu dominio da materia de Historia da música.

Para o acceso a 5º curso o aspirante realizará una proba similar a proba extraordinaria de xuño correspondente ó 4º curso de Grao Profesional. As preguntas versarán sobre o currículo da materia correspondente ó 4º curso de Grao Profesional.

#### Contidos

-Introdución: as definicións de música, as fontes para o estudo da historia da música e o comentario auditivo con ou sen partitura.

-A Prehistoria e o mundo antigo: Grecia e Roma.

-A Idade Media:

\*A monodia relixiosa: as liturxias cristiáns e o canto gregoriano. Formas paralitúrxicas: tropos, secuencias e dramas litúrxicos.

\*A monodia profana medieval: xuglares, trovadores, troveros e outras figuras relacionadas coa música. As cantigas españolas e galaico- portuguesas.

\*O nacemento da polifonía: o organum paralelo, paralelo modificado e libre.

\*A polifonía aquitana: Escola de San Martial de Limoges.

\*A Escola de Notre Dame: Leonin e Perotin.

\*Ars Antiqua: o motete e motete- conductus.

\*Ars Nova en Francia: Philippe de Vitry.

\*Trecento italiano: o madrigal, a caccia e a ballata. Landini.

-Transición ao Renacemento: *Ars subtilior*.

-O Renacemento:

\*A música vogal relixiosa (Escolas francoflamencas e Contrarreforma) e profana (Madrigalismo).

\*A música instrumental e música de danza.



-O Barroco:

\*A música vogal barroca: o nacemento da ópera, o oratorio, a cantata.

\*A música instrumental barroca: o concerto, a suite, a sonata, a fuga.

#### Criterios de avaliación e cualificación

As probas de acceso a 5º curso de grao profesional consistirán na realización escrita dunha proba que contará con dúas partes:

- Comentario de textos, imaxes ou audicións significativas dos períodos históricos recollidos nos contidos de 4º de grao profesional. Non se valorará tanto o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das propostas como representativas dun determinado estilo ou período histórico. As preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...). Esta parte será o **30%** da nota.
- Resposta por escrito a diversas preguntas con distintos formatos (tipo test, preguntas curtas, temas a desenvolver...) sobre os contidos da programación de 4º de grao profesional, segundo proceda. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...) e serán ferramentas para avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do curso de procedencia. Esta parte será o **70%** da nota.

## 9.2 Probas de acceso a 6º de grao profesional

Para o acceso ao 6º Curso de Grao Profesional a proba consistirá nun cuestionario con preguntas de desenvolvemento e preguntas tipo test, ademais dunha parte práctica que pode incluír audicións con ou sen partitura, textos ou imaxes. As preguntas versarán sobre os contidos para 4º e 5º de grao profesional.



### Contidos

-Introdución: as definicións de música, as fontes para o estudo da historia da música e o comentario auditivo con ou sen partitura.

-A Prehistoria e o mundo antigo: Grecia e Roma.

-A Idade Media:

\*A monodia relixiosa: as liturxias cristiáns e o canto gregoriano. Formas paralitúrxicas: tropos, secuencias e dramas litúrxicos.

\*A monodia profana medieval: xuglares, trobadores, troveros e outras figuras relacionadas coa música. As cantigas españolas e galaico- portuguesas.

\*O nacemento da polifonía: o organum paralelo, paralelo modificado e libre.

\*A polifonía aquitana: Escola de San Martial de Limoges.

\*A Escola de Notre Dame: Leonin e Perotin.

\*Ars Antiqua: o motete e motete- conductus.

\*Ars Nova en Francia: Philippe de Vitry.

\*Trecento italiano: o madrigal, a caccia e a ballata. Landini.

-Transición ao Renacemento: *Ars subtilior*.

-O Renacemento:

\*A música vogal relixiosa (Escolas francoflamencas e Contrarreforma) e profana (Madrigalismo).

\*A música instrumental e música de danza.

-O Barroco:

\*A música vogal barroca: o nacemento da ópera, o oratorio, a cantata.

\*A música instrumental barroca: o concerto, a suite, a sonata, a fuga.

-Os estilos preclásicos: o *estilo galante*, o *Empfindsamer Stil*.

-O Clasicismo musical: Haydn e Mozart.

\*A música vogal no Clasicismo: Gluck e Metastasio. As óperas mozartianas.

\*A música instrumental no Clasicismo: a sinfonía, o concerto, a música de cámara e para solistas.

-A transición ao Romanticismo: Beethoven.

### 9.3 Segundo Trimestre:

-O Romanticismo:



\*A música vogal no Romanticismo: o lied e os xéneros nacionais operísticos: Francia, Italia e Alemaña.

\*A música instrumental no Romanticismo: música para piano, música sinfónica e ballet.

- Estilos musicais de finais do século XIX e principios do século XX: os Nacionalismos.
- As vangardas musicais de principios do século XX: Francia e Rusia.
- O Expresionismo, o Atonalismo e o Dodecafonismo. Segunda Escola de Viena.
- O Neoclasicismo.
- A música despois da II Guerra Mundial (I): Música Concreta, Electrónica e Electroacústica.
- A música despois da II Guerra Mundial (II): Serialismo Integral, Música Aleatoria e outras tendencias.

#### Criterios de avaliación e cualificación

As probas de acceso a 6º curso de grao profesional consistirán na realización escrita dunha proba que contará con dúas partes:

- Comentario de textos, imaxes ou audicións significativas dos períodos históricos recollidos nos contidos de 4º de grao profesional. Non se valorará tanto o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das propostas como representativas dun determinado estilo ou período histórico. As preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...). Esta parte será o **30%** da nota.
- Resposta por escrito a diversas preguntas con distintos formatos (tipo test, preguntas curtas, temas a desenvolver...) sobre os contidos da programación de 4º de grao profesional, segundo proceda. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...) e serán ferramentas para avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do curso de procedencia. Esta parte será o **70%** da nota.